

Finalmente saíu, apoiada na vella como a primeira vez, pálida e suorenta. Como a primeira vez, a vella roñaba:

–Dígalle ao seu home que ten que coutarse. Entende? A vida dunha muller vale moito, non se pode estragar dese modo. Malparir pon en perigo a súa vida, en perigo a todos os que a axudamos, e cada vez máis. Vostede pode negarse...

Estaba anoxada de verdade. Miña nai encolleu os ombros. Tiña un fío de voz.

–Pouco pode facer unha muller. É así a vida, aturar e calar. Un home é máis forte. Eles non pensan nisto.

Algo fervía en min ao escoitar esas palabras. Aturar e calar? (...)



*Finalmente salió, apoyada en la vieja como la primera vez, pálida y sudorosa. Como la primera vez, la vieja refunfuñaba:*

*–Dígale a su marido que tiene que refrenarse. ¿Entiende? La vida de una mujer vale mucho, no se puede estragar de ese modo. Malparir pone en peligro su vida, en peligro a todos los que la ayudamos, y cada vez más. Usted puede negarse...*

*Estaba enojada de verdad. Mi madre se encogió de hombros. Tenía un hilo de voz.*

*–Poco puede hacer una mujer. Es así la vida, aguantar y callar. Un hombre es más fuerte. Ellos no piensan en esto.*

*Algo se rebelaba en mí al escuchar esas palabras. ¿Aguantar y callar? (...)*



Marilar Aleixandre  
Premio Nacional de Narrativa 2022  
*As malas mulleres / Las malas mujeres*

Traducción: Marilar Aleixandre  
Ilustración: Raúl

